# BOLETÍN INFORMATIVO DA UNIDADE DE IGUALDADE

## Nº 15 – MARZO 2018

## CONTIDO

CURSOS, CONVOCATORIAS E CONGRESOS ........ 2

CURSOS ........ 2

CONVOCATORIAS ........ 3

CONGRESOS ........ 4

AXENDA ........ 5

NOVOS RECURSOS ........ 6

NOVAS DO DUVI ........ 7

## CURSOS, CONVOCATORIAS E CONGRESOS

### CURSOS

### Universidade de Vigo

- O curso «Incorporación da análise de xénero á investigación» impartirase a partir do 19 de abril no Campus de Vigo. Está organizado pola Área de Formación e Innovación Educativa da Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado e será en modalidade semipresencial. O período de matriculación remata o 5 de abril. + INFO
- A conferencia impartida por Begoña Simal González, titulada «*Maxine Hong Kingston e Gish Jen: Exploring gender across generational and ethnic boundaries*» terá lugar o 5 de marzo na Facultade de Filoloxía e Tradución ás 13.00 horas na aula B1. + INFO
- A conferencia impartida por Maureen O'Connor, titulada «*Contesting gender stereotypes in Irish cultural mythology: an eco-feminist perspective*», terá lugar o 20 de marzo no salón de actos da Facultade de Filoloxía e Tradución ás 9.30 horas. + INFO

### Campus Relatoras – Escola feminista independente virtual

- Continúan abertos os prazos de inscrición para os cursos en liña ofertados a partir de abril «Periodismo de-generado: feminista, interseccional, incisivo y transgresor»; «Serializadas: actualidad, feminismos y memoria a través de las series de TV»; «Segunda primavera: climaterio y menopausia. Un camino colectivo». + INFO

### IFIS – Instituto de Formación e Intervención Social

- Aberto o prazo de matriculación para o curso «Intervención con víctimas de la violencia de género y sexual en la infancia y adolescencia», modalidade en liña e que comezará o 4 de maio. + INFO

### INESEM – Instituto Europeo de Estudios Empresariales

- Convocatoria aberta para os seguintes cursos en liña ofertados polo Instituto:
  - «Especialista en igualdad de oportunidades». + INFO
  - «Experto en intervención social en igualdad de género». + INFO

- «Curso superior universitario en intervención en mujeres víctimas de la violencia de género». + INFO

**PeriFéricas – Escola de feminismos alternativos en liña**

- A partir do día 5 marzo e ata o 27 de abril ofértanse os seguintes cursos en liña. + INFO
    - «Salud femenina y modelo médico hegemónico».
    - «Introducción a los feminismos decoloniales».
    - «Género y cooperación».

**Instituto de la Mujer y para la igualdad de oportunidades**

- Permanece aberta a convocatoria de inscrición para os seguintes cursos ofertados a través da plataforma de formación gratuíta «Escuela virtual de igualdad», en modalidade en liña. + INFO

    - «Sensibilización en Igualdad de Oportunidades».
    - «Formación en igualdad de oportunidades: aplicación práctica en el ámbito de las Fuerzas y Cuerpos de Seguridad».
    - «Formación para la implantación de planes y medidas de igualdad en las empresas».
    - «Igualdad de oportunidades: aplicación práctica en el ámbito de Empleo».
    - «Igualdad de oportunidades: aplicación práctica en Servicios Sociales».
    - «Igualdad de oportunidades: aplicación práctica en el ámbito Jurídico».
    - «Igualdad de oportunidades: aplicación práctica en la empresa y los RR.HH».

## CONVOCATORIAS

**Universidade de Vigo**

- Permanece aberta a convocatoria do VI Premio de creación de materias e recursos docentes con perspectiva de xénero da Universidade de Vigo, Antonia Ferrín Moreiras. O prazo de presentación de solicitudes remata o 19 de maio de 2018. + INFO

**Universidad de Sevilla**

- Chamada de artigos para a revista *Hábitat y sociedad* nº 11 que levará o título de «Aportaciones feministas a las arquitecturas y ciudades para un cambio de paradigma». Data límite para a recepción de artigos: 30 de marzo. + INFO

**Universidad de Zaragoza**

- Convocatoria de recepción de artigos para o número 3 da revista *Filanderas*, que publica o Seminario Intercisciplinar de Estudios de la Mujer (SIEM) da Universidade. Convocatoria aberta ata o 2 de abril de 2018. + INFO

**Lesley University**

- A Lesley University de Massachusetts convoca o envío de artigos que poderán ser seleccionados para formar parte dunha conferencia que terá lugar en novembro de 2018. Os artigos deberán explorar o tema da violencia contra as mulleres. Data límite de entrega dos artigos: 31 de marzo. + INFO

## CONGRESOS

- Conferencia internacional «*Translating feminism: multi-disciplinary perspectives on text, place and agency*» que terá lugar do 13 ao 15 de xuño na University of Glasgow. Faise un chamamento de resumos, con data límite o 16 de marzo. + INFO

- Congreso internacional «Víctimas y agresoras. Violencias y género(s) en la narrativa criminal» que terá lugar na Universitat de Barcelona os días 4 e 5 de outubro de 2018. Aberta a convocatoria para entrega de artigos para participar no congreso, con data límite de entrega o 30 de marzo. + INFO

- VII Congreso Universitario Internacional I+G 2018 organizado polo Seminario Interdisciplinar de Estudios de las Mujeres da Universidade de Sevilla os días 28 e 29 de xuño. Continúa o chamamento de comunicacións para participar no congreso. A data límite para o envío do texto completo das comunicacións será o día 4 de abril a través do enderezo electrónico viiconsegroig@us.es pertencente á secretaría do congreso e onde se poderá obter tamén información adicional. + INFO

- A University of Tampere organiza o congreso «*Research course and workshop: gender, work and transforming organizations*» que terá lugar do 18 ao 20 de abril. + INFO

- O congreso «*The automaton of capital, philosophy and patriarchy: on the taurological universe of value and sign*» terá lugar na University of Tübingen en Alemaña do 9 ao 12 de abril. + INFO

- Os días 26 e 27 de abril celebrarase o I Congreso Internacional «Retos de la igualdad entre mujeres y hombres en el horizonte 2020», que terá lugar na Facultade de Letras da Universidade de Murcia. + INFO

- Do día 10 ao 12 de abril terá lugar en Sevilla o primeiro congreso internacional «Historia y presente de las mujeres en África, América Latina y el mundo Ibérico» na Universidade Pablo de Olavide. + INFO

- En setembro de 2018, entre os días 12 e 15, terá lugar a «*10th European feminist research conference. Difference, diversity, diffraction: confronting hegemonies and dispossesions*» na Georg-August-University en Göttingen (Alemaña). + INFO

## AXENDA

**7 MAR** O acto institucional polo Día Internacional das Mulleres terá lugar o 7 de marzo ás 10.00 horas na sala de xuntas da Reitoría do Campus de Vigo. No acto farase entrega do VI Premio de compromiso coa igualdade de xénero da Universidade de Vigo, *uviguala* 2018. Belén Martín Lucas, investigadora da institución, impartirá a conferencia «O carácter neoimperialista da "guerra contra o terror": achegas dende os feminismos decoloniais». + INFO

**8 MAR** A Asemblea Galega 8M convoca a Folga de Mulleres o 8 de marzo, sumándose ao Paro Internacional de Mulleres. Dende a Asemblea faise un chamamento a unha folga de coidados, laboral e de consumo durante o día 8 de marzo para reivindicar un presente e un futuro diferentes para todas as mulleres. + INFO

Mesmamente, o colectivo «Mulleres da UVigo polo 8 de marzo» apoian a convocatoria da folga e, no caso das traballadoras e alumnas que non fagan folga de 24 horas, chaman a realizar un paro laboral de 12.00 a 1400 e de 19.30 a 21.30. Dente o colectivo tamén se convoca unha mobilización que terá lugar o día 8 ás 12.00 horas diante da Reitoría no Campus de Vigo. + INFO

5-9 MAR Dende o día 1 ata o 12 de marzo terá lugar na Biblioteca de Torrecedeira unha exposición de libros sobre as Mulleres Científicas: «*The Matilda Effect*». + INFO

**Concello de Vigo**

DENDE ABRIL A Casa das Mulleres e o Centro de Documentación Feminista organizan un programa de actividades que se desenvolverán ata xuño de 2018. Dentro destas actividades inclúense os seguintes obradoiros que terán lugar na Casa das Mulleres. As prazas son limitadas e cubriranse por orde de inscrición. + INFO

- «Obradoiro de sensibilización en xénero e igualdade de oportunidades». Terá lugar os mércores dende o 4 de abril ata o 6 de xuño de 18:00h a 20:00h.
- «Curso de autoprotección» dirixido a mulleres maiores de 18 anos. Desenvolverase ao longo do mes de abril en 9 sesións polas tardes.

**Outras actividades**

10 MAR Co gallo do Día Internacional da Muller, e dentro dos actos de celebración do décimo quinto aniversario da Galipedia, organízase o Primeiro Wikimaratón do Día Internacional das Mulleres. Terá lugar o día 10 de marzo en Ourense e o evento consistirá en editar artigos na Galipedia relacionados con mulleres destacadas. Pódese solicitar información adicional ao enderezo elisardojm@gmail.com. + INFO

## NOVOS RECURSOS

- *The Clitoris and Its Secrets.* + INFO

## NOVAS DO DUVI

### Campus de Vigo

- «A investigadora Libe García Zarranz achega ao campus as teorías dos afectos dende perspectivas feministas». + INFO
- «A Facultade de Ciencias do Mar énchese de científicas que contan». + INFO
- «Argumentos feministas para loitar contra a normalización progresiva dos ventres de alugueiro». + INFO
- «A canción de muller protagonizou a derradeira sesión de "Os Xoves do Vindel"». + INFO
- «Para que a igualdade real chegue tamén ao deporte universitario». + INFO

### Campus de Pontevedra

- «O día a día da mocidade transexual, en primeira persoa». + INFO

### Campus de Ourense

- «Un mar de mulleres visibles». + INFO
- «Rosalía de Castro como reivindicación da lingua, a cultura, a muller e a liberdade de expresión». + INFO